

# 25 de novembro de 2015

## Día contra a Violencia de Xénero



Para resolver estas cuestións, polo instituto atoparás: unha instalación de zapatos, unha exposición de pegadas de papel, unha selección de materiais sobre a temática e ligazóns na aula virtual da MeGaBiblioteca.

Alumno/s:..... Curso:.....

**Ponte nos seus zapatos** é unha exposición de pares de zapatos vermellos por todo o centro. Míraa e responde estas cuestións:

1. Entre pares de zapatos e pegadas (dobres), cantos hai? .....
2. Por que pensas que puxemos xusto esa cifra.....
3. Que ten cada par de zapatos como plantilla ou saíndo do propio zapato?.....
4. Que datos se recollen? .....
5. Todos os zapatos son vermellos ou están pintados de vermello. Descubre a que se debe. Pincha en [zapatos rojos arte](#) ou vai á ligazón que atoparás na aula virtual da MeGaBiblioteca. ....
6. Na exposición de libros sobre a temática da violencia de xénero hai unha obra de banda deseñada sobre as mulleres de Ciudad Juárez. Cal é o seu título?.....
7. Na cortiza do corredor, perto da biblioteca, atoparás un conto de Andersen, “Las zapatillas rojas”. (Tamén o atoparás en [Ciudad Seva](#)). Despois de lelo, explica como conseguiu Karen parar de bailar.....
8. Que significa “porse nos seus zapatos”? .....

**Para que non te pisen** é unha recollida de manifestacións da violencia de xénero.

9. No folleto da Xunta de Galicia “Non te quedas a velas vir. Mocidade” do 2010, recóllese a expresión “amor romántico”: qué quere dicir? .....
10. Moitas das frases que atoparás polos corredores son manifestacións de violencia difíciles de detectar para a vítima porque só son palabras. Recolle as dúas que máis che impactaron. ....
11. Cal é o número de teléfono ao que chamar en caso de sufrir violencia de xénero? .....
12. No [blog](#) sobre violencia de xénero realizado polo IES nº1 de Ribeira explícase por que foi escollida a data do 25 de novembro. Compróbaos.....
13. Quen eran as bolboretas (mariposas)? .....
14. Na exposición de materiais sobre o tema da violencia que está na biblioteca hai un cómic destinado aos lectores xóvenes. A súa etiqueta é **82C/DUR/pil**. Cal é o seu título?.....

Se atopas un zapato caído ou fóra de sitio, recólleo con coidado e colócao no seu lugar delicadamente; agora xa sabes o que significa. Se queres levar e ler con máis tranquilidade os test que aparecen en *El diario azul de Carlota*, de Gemma Lienas, podes coller unha copia.

Lembra coller a túa pulseira morada para acudir á concentración do mércores 25.

Garda respectuosamente o minuto de silencio.